

INTRODUCCIÓN Á ECONOMÍA POLÍTICA MARXISTA

www.iscagz.org
info@iscagz.org



isca!



**este sistema
non funciona!**

www.iscagz.org

**no capitalismo
non temos futuro**

as mozas
os mozos **imos** **socialismo!** **construir o**



isca



IA ANÁLISE DA MERCADORÍA

Comezaremos a nosa análise do capitalismo exactamente polo mesmo punto por onde Marx empezou, a análise das mercadorías, habida conta de que aquela afirmación de que o capitalismo se presenta como unha enorme acumulación de mercadorías preséntasenos hoxe, nun mundo invadido pola publicidade e o consumismo, como unha afirmación máis válida aínda que cando foi formulada. Comezemos entón. Que é unha mercadoría? As mercadorías distínguense sempre por posuír un carácter bifacético: por un lado son ou posúen un valor de uso, e polo outro conteñen un valor de cambio.

O valor de uso é aquilo que hoxe dunha forma máis prosaica denominaríamos utilidade. Un produto incapaz de satisfacer ningunha necesidade humana, sexa esta unha necesidade imperiosa como comer e durmir ou unha necesidade máis caprichosa como conducir un iate ou ver a televisión, será completamente incapaz de venderse.

Por esta razón Marx considerou ao valor de uso como a riqueza material das mercadorías. Constitúe a base material do valor, e só dende este punto de vista ten algunha importancia na economía política, razón pola cal Marx pasa bastante por riba na súa análise. O valor de cambio consiste nas distintas proporcións nas que unha mercadoría intercambiase por outra. Por exemplo $X \text{ zapatos} = Y \text{ camisas}$, $X \text{ zapatos} = Z \text{ chaquetas}$ ou $X \text{ zapatos} = W \text{ Kg de ferro}$. De aquí dedúcese facilmente que $X \text{ zapatos} = Y \text{ camisas} = Z \text{ chaquetas} = W \text{ kg de ferro} = \text{etc.}$ Todas as mercadorías poden ser intercambiadas por outras nas máis diversas proporcións. Para que podan compararse entre si deste xeito, é necesaria a existencia dun algo común, un algo que non pode ser o simple valor de uso, porque este ben determinado polas súas propiedades físicas, e estas só poden servir para diferenciar as mercadorías unhas de outras, non para igualalas. Seguindo aos economistas clásicos como Adam Smith ou David Ricardo,

Marx afirma que esa cousa común que permite o intercambio mercantil non é mais que o feito de que todas as mercadorías son produto do traballo humano.

Agora ben este traballo que é común a todas as mercadorías é o traballo abstracto, o traballo considerado unicamente como gasto de enerxía humana, de músculo e cerebro, como esforzo físico e mental prescindindo de todas as consideracións técnicas e de habilidade que diferencian entre si a todos os traballos. Vemos entón que non só a mercadoría, senón tamén o traballo ten un carácter dual diferenciándose o traballo abstracto e o traballo concreto, o traballo considerado nas súas diversas diferencias de técnicas e manobras que xeran diversos valores de uso. Ao sumirse un determinado tempo de traballo na fabricación dunha mercadoría, esta pasa a gardar de forma material o traballo abstracto, facilmente medible a través das horas de traballo invertidos na elaboración do produto. Este traballo abstracto materializado

na mercadoría, constitúe o valor. Cando aquí empezamos afirmando que a mercadoría era valor de uso e valor de cambio non estábamos sendo precisos. O valor de cambio non é algo intrínseco a mercadoría, é algo que só xorde ao comparar os distintos valores entre si, e por esta razón xustamente é máis preciso afirmar que as mercadorías posúen valor de uso e valor.

É importante considerar que o valor das mercadorías ven determinado polo tempo de traballo socialmente necesario para a súa elaboración. É dicir que se o conxunto das produtoras dunha mercadoría tardan en fabricar a mesma unha media de doce horas, todas as mercadorías dese tipo venderanse a ese valor independentemente de que exista algunha produtora individual á que lle leve 13 horas de traballo. Ao venderse polo valor de 12 horas, este traballo extra non constitúe ningunha vantaxe, todo o contrario, unha hora desa xornada de traballo foi unha completa perda de tempo, non xerou ningún valor.



Desta análise do valor, Marx saca unha das conclusións teóricas máis significativas respecto do sistema capitalista: o carácter fetichista das mercadorías. O intercambio de mercadorías parece ser superficialmente unha relación entre as cousas, e polo tanto os seus prezos serían algo propio da mercadoría, unha cualidade propia que non sabemos como nin de onde xorde, como se fora unha propiedade mística que aparece por arte de maxia. Ao analizar a orixe do valor Marx saca á luz que ao intercambiarse as mercadorías estanse a comparar a través do mercado os distintos tempos de traballo de numerosas produtoras privadas e individuais e polo tanto, aínda que desta forma oculta e indirecta, este intercambio supón unha relación social, unha relación entre seres humanos. Este punto precisamente crea un abismo entre a escola económica do marxismo e o resto de escolas liberais (concepto que tamén inclúe á economía keynesiana). É que mentres uns consideran

que a economía estuda a relación entre cousas ou entre persoas e cousas o marxismo sempre afirma que a economía política encargase de estudar relacións entre persoas, que ocupan lugares específicos no proceso de produción.

2 PLUSVALÍA E CAPITAL

A produción de tipo capitalista require necesariamente unha ampla extensión da forma mercadoría, mais a afirmación inversa non ten porque ser necesariamente certa. En sociedades precapitalistas tamén existían as mercadorías, aínda que a produción destas fora accesoria a outros sistemas de produción como o escravismo ou o feudalismo. Nestas sociedades a circulación das mercadorías distinguíase polo ciclo económico M-D-M. Numerosas produtoras independentes producían mercadorías (M) que para elas non tiñan valor de uso, vendíanas a cambio de diñeiro (D) e obtiñan logo con esos cartos novas mercadorías (M), que si eran útiles para a satisfacción das súas necesidades. Nótese que o

ciclo ten o seu fundamento racional no valor de uso, empeza nunha mercadoría e remata noutra cualitativamente distinta, pero cun mesmo valor. É ademais un ciclo limitado: unha vez que se adquiren as novas mercadorías ten que volver empezar o ciclo dende o principio.

A chegada da sociedade capitalista trae consigo a aparición dun novo tipo de circulación (sen eliminar o ciclo anterior) na que se inverten os términos: D-M-D. Este proceso sería completamente absurdo se non levara a un incremento na D final polo que podería poñerse máis acertadamente como $D-M-D'$ onde $D' = D + \%D$. Este incremento de diñeiro é o plusvalor. Se no ciclo M-D-M o valor de cambio actuaba como simple mediador que facilitaba o intercambio de valores de uso, aquí ocorre todo o contrario, o móbil impulsor é o valor de cambio e a produción de valores de uso é algo secundario, necesario na medida en que o valor de uso é a base material do valor, pero nada máis. Este ciclo ademais

pode e debe prolongarse indefinidamente no tempo, unha vez que se inverten 100 euros e se obteñen 110 é necesario volver lanzar estos cartos a un novo proceso produtivo. Este diñeiro, este valor que se valoriza nun proceso sen fin, constitúe o capital, e é o que máis claramente distingue a este ciclo da simple circulación de mercadorías dada en M-D-M, onde os cartos soamente son un medio de circulación.

A plusvalía que caracteriza o sistema capitalista de produción e que constitúe o corazón impulsor de toda a economía non pode provir da propia circulación, xa que nesta as mercadorías van adoptando diversas formas pero nunca varían o seu valor ao tratarse sempre dun intercambio de valores equivalentes. O aumento de valor ten que darse na produción, e para que tal cousa sexa posíbel ten que existir unha mercadoría un tanto peculiar cuxo consumo produza novo valor, cuxo valor de uso consista en ser fonte de novo valor. Esa mercadoría existe, e é a forza de traballo, o conxunto

de facultades físicas e mentais que posuímos os humanos, e que non debe confundirse co traballo, que sería precisamente a aplicación destas facultades. Tal confusión podería levarnos ao absurdo no que caeran os economistas clásicos anteriores a Marx de falar do valor do traballo, cando é o propio traballo o que nos da a medida do valor. En anteriores épocas históricas existían, como xa comentamos, as mercadorías nas formas máis amplas e variadas pero a forza de traballo non aparece neste mundo das mercadorías ata a chegada do capitalismo. Isto débese a que para elo requírese a “liberación” da traballadora en dous sentidos distintos: primeiro debe ser “liberada” da posesión dos medios de produción, e segundo debe ser libre de vender a súa forza de traballo, o que a distingue da traballadora escrava que constitúe en si mesma unha mercadoría e carece de toda liberdade. Todo isto redunda nunha liberdade un tanto relativa: a obreira é libre de vender a súa forza de traballo ou morrer de fame, pois carece de calquera outro medio

de subsistencia. O capital substitúe así o antigo látego do amo do imperio romano e a antiga Grecia pola coerción da fame, máis invisíbel á par que máis eficaz.

O valor da forza de traballo determínase exactamente igual que o de calquera outra mercadoría, é dicir, polo tempo de traballo necesario para a súa reprodución, que ven dado polo valor dos produtos necesarios para a supervivencia da traballadora e da súa familia, xa que esta última garante a continuidade da forza de traballo. É importante saber que se ben nunha sociedade capitalista pouco avanzada o valor da forza de traballo pode reducirse ao valor dos produtos máis básicos como a comida ou a vestimenta isto non ten que ser necesariamente así. O valor da forza de traballo está condicionada historicamente, polo que as necesidades da traballadora poden variar. Por exemplo, no mundo actual o pago dunha liña telefónica é primordial para a vida diaria da traballadora e este gasto debe contabilizarse como parte constituínte do valor da forza de

traballo, cousa que como resulta obvio non ocorría no século XIX.

Para entender correctamente como xera o plusvalor a forza de traballo é necesario deterse a analizar pormenorizadamente a produción e a xornada de traballo, así como os seus elementos constituíntes. Durante o proceso de traballo interveñen tres elementos constituíntes: o obxecto de traballo, que é aquilo sobre o que a obreira actúa e transforma, os medios de traballo, constituído polos elementos que a traballadora interpón entre ela e o obxecto de traballo, e a propia forza de traballo.

Estos tres elementos combínanse así na produción ao longo da xornada laboral dando unha nova mercadoría. Os medios de produción (medios de traballo e obxecto de traballo) constitúen en conxunto o capital constante pois unicamente transfírense ao novo produto o valor que xa posuían en tanto mercadorías produto dun traballo anterior, dun traballo morto. Pola contra a forza de traballo constitúe o

traballo vivo, presente no propio proceso de produción, que non transfíre o seu propio valor, senón que o recrea e xera un novo valor razón pola cal se lle denomina capital variábel. Desta forma temos que se o valor da forza de traballo é igual a seis horas de traballo, nas primeiras seis horas da xornada laboral a traballadora só reproduce o valor do capital variábel que o capitalista adiantou en forma de salario, e se a xornada se limitara a estas seis horas o capitalista unicamente recuperaría a inversión e non existiría ganancia. Mais nada impide ao capitalista alongar a xornada de traballo á, seguindo o propio exemplo de Marx, doce horas, de tal forma que o valor xerado nas últimas seis horas non estaba representado de ningunha forma nas mercadorías que adquiriu o capitalista, constituíndo o plusvalor. Así, a xornada laboral divídese en traballo necesario constituído polas primeiras seis horas de traballo, e traballo excedente, constituído polas seis horas seguintes.

Desta análise dos diversos constituíntes da xornada de traballo podemos inferir as compoñentes do valor. Así, teríamos que o valor (W) representase baixo a ecuación $W = c + v + p$ onde c é o capital constante, v é o capital variábel e p é o plusvalor. Esta ecuación ten unha enorme importancia para Marx, pois dela deducirá varias fórmulas matemáticas que constituirán a espiña dorsal de moitas deducións posteriores. Polo de pronto e para rematar este apartado, aquí unicamente trataremos unha desas fórmulas a taxa de plusvalía. A taxa do plusvalor (p') defínese como a relación entre o plusvalor e o capital variábel, $p' = p/v$ e serve para medir o grao de explotación do traballo polo capital. Así se partiramos da suposición simplista de que cada hora de traballo equivale a 1 euro teríamos unha taxa do plusvalor dun 100%:

$$p' = 6 \text{ €} / 6 \text{ €} = 1 \times 100 = 100\%$$

3- PLUSVALÍA RELATIVA

Partamos novamente da análise da xornada laboral. Como vimos, esta está dividida en dúas partes, o traballo necesario, que é o que reproduce o valor da forza de traballo, e o traballo excedente, que forma o plusvalor. Isto pode representarse

esquemáticamente da forma seguinte:

$$a \text{-----} b \text{-----} c$$

Onde o tramo a-b representa o traballo necesario e b-c a parte que xera o plusvalor, que chamaremos agora plusvalor absoluto. Calquera modificación no tramo b-c, alongando por exemplo a xornada a catorce horas é unha forma de extraer plusvalor absoluto. Pero existe outra forma de extraer maior plusvalor sen necesidade de alongar a xornada laboral? Claramente si: reducindo o segmento a-b, é dicir, reducindo o valor da forza de traballo. Poderíamos representalo, baseándonos no anterior esquema, do seguinte xeito:

$$a \text{-----} b' \text{-----} c$$

b' simboliza o desprazamento de b cara a, obténdose un novo

segmento $b-c$ maior que o anterior $b-c$. Esta plusvalía xerada na redución de b a b' constitúe o plusvalor relativo.

Isto non se logra normalmente reducindo simplemente os salarios, pagando ao obreiro por baixo do valor verdadeiro da súa forza de traballo, aínda que obviamente tamén se da e non deixa de ter importancia. O que adoita ocorrer é que o valor da forza de traballo se desvaloriza, pasando a representar unha menor parte do valor reproducido no proceso de traballo.

Como se logra esta rebaixa no valor? Para comprendelo debemos recordar que o valor da forza de traballo consiste no valor dunha serie de mercadorías que a obreira debe adquirir para a súa subsistencia e a da súa familia: comida, roupa, electricidade, material escolar para as súas fillas e fillos, etc. Se por exemplo se lograra que na produción de camisas que viste a traballadora se empregara unha cantidade menor de tempo de traballo, poñamos dúas horas, lograríase unha redución no valor da forza

de traballo. Non obstante, sería unha redución moi pequena. Para que se dea unha redución significativa do valor da forza de traballo ten que haber unha redución simultánea de valor en numerosos produtos á vez, o cal só pode lograrse mediante innovacións técnicas que reduzan o tempo de traballo socialmente necesario para a produción das mercadorías. Xerese así o plusvalor relativo.

Sería absurdo pensar que os capitalistas inverten en maquinaria pensando que se todos os capitalistas fan o mesmo ca el conseguirán obter maiores ganancias pola vía do plusvalor relativo. Realmente este mecanismo opera dunha forma accidental, a través de procesos de competencia. Para explicar como funciona este proceso partamos dun ramo calquera da produción industrial, por exemplo a fabricación de papel. Imaxinemos así mesmo que a produción de 50 kg. de papel conleva un tempo de traballo medio de 12 horas. Poñamos tamén que un capitalista, mediante algún tipo de

innovación tecnolóxica, logra producir esos 50 kg en 10 horas e 75 kg nas 12 horas nas que antes se producían soamente 50 kg. Dado que unicamente esta empresa é capaz de producir o papel nesa cantidade de tempo, o valor do papel no mercado queda intacto en doce horas, pois o valor sempre se rixe polo traballo medio ou socialmente necesario para a produción. Desta forma, o noso capitalista podería vender en principio un papel que ten un valor “individual” (en sentido figurado, pois o valor, recalcamos, sempre é algo social) de 10 horas de traballo por 12 horas de traballo, sacando un plusvalor ou ganancia extra. Dise así que o traballo nesta fábrica está “potenciado”. Mais o certo é que onde antes producía 50 kg. agora ten 75 kg., e se vende ao valor de doce horas seguirá vendendo as mesmas cantidades que antes. Para solucionar isto, o que fai é sacar o papel ao mercado á un valor de 11 horas quedando por riba do seu valor individual, 10 horas, sacando

igualmente unha ganancia extra, pero por baixo do seu valor social, 12 horas, podendo vender o excedente. Ao operar así, vende 25 kg. extra que xa non lle serán mercados aos demais capitalistas produtores de papel, é dicir quíttalles cota de mercado impedíndolles que a plusvalía producida no proceso de traballo se realice de forma efectiva en forma de diñeiro D`. Desta forma obriga ao resto dos capitalistas a introducir tamén as correspondentes innovacións tecnolóxicas e cando isto se xeraliza a vantaxe inicial do traballo potenciado desaparece, pois o valor do produto pasa a ser efectivamente de dez horas. É así como, en palabras de Marx, a competencia actúa como un látego, obrigando a todos os capitalistas a afondar na explotación do traballo asalariado ou perecer.

En contra dalgunhas fábulas acerca do bo capitalista que non quere perxudicar ás empregadas, vemos como a análise dos procesos de competencia desvela que é posíbel que durante un breve

período o empresario altruísta se resigne a explotar máis as súas empregadas, pero a longo prazo verase obrigado a facelo ou perecer nobremente cos seus principios, aínda que con consecuencias igualmente desastrosas, pois as obreiras da empresa engrosarán as listas do paro.

5 A TAXA DE GANANCIA E A CRISE

Recordando a ecuación do valor $W = c + v + p$ podemos sacar outras fórmulas matemáticas de importancia crítica ademais da taxa de plusvalor, como por exemplo a da composición orgánica do capital (o), que relaciona a cantidade de capital constante que hai fronte ao capital variábel e cuxa fórmula sería $o = c/v$. Esta fórmula danos a medida na que o proceso produtivo é provisto de materiais, instrumentos e maquinaria, e cobra importancia pola relación que mantén a súa vez con outra taxa, a taxa da ganancia (g).

Para o capitalista a taxa da ganancia é a proporción crucial,

dado que mide a rendabilidade da súa inversión, comparando a ganancia obtida co plusvalor fronte ao capital total invertido. Defínese como $g = p/(c + v)$. Mediante a simple división de todas as partes entre o capital variábel é fácil demostrar que $g = p/(o + 1)$. Isto demostra que pese a que a taxa de ganancia é o que máis directamente interesa ao capitalista, o certo é que esta depende a súa vez da taxa do plusvalor e da composición orgánica do capital.

A partir da ecuación da taxa de ganancia Marx saca múltiples conclusións teóricas acerca do funcionamento do capitalismo, mais aquí centrarémonos no que se denomina a tendencia descendente da Taxa de ganancia. Como vimos no apartado anterior, a competencia dos capitalistas por ter unha maior cota de mercado lévaos á unha incesante tecnificación do traballo, é dicir, a desembolsar unha cantidade cada vez maior de diñeiro na adquisición de capital constante. Isto leva,

como é lóxico, a un aumento da composición orgánica do capital que ao atoparse no denominador da ecuación da taxa de ganancia conduce a unha diminución da mesma. Posto que a obtención de ganancias e o único impulso que leva ao capitalista a invertir, isto parece sinalarnos a existencia de barreiras moi claras á acumulación de capital que en última instancia levarían a unha crise.

Non obstante, como xa sinalara o propio Marx, existen tendencias contrarrestantes a esta caída da taxa de ganancia, que poderíamos dividir en dous grupos: aquelas que afectan a taxa do plusvalor e as que actúan sobre a composición orgánica.

Para falar dunha tendencia decrecente da taxa de ganancia baixo a explicación dada por Marx habería que supor que a taxa do plusvalor permanece constante, o que non ten que ser certo en absoluto. O propio impulso da competencia que daría lugar a un decrecemento da taxa de ganancia ao aumentar á composición

orgánica tamén leva a unha redución dos tempos de traballo, a unha desvalorización da forza de traballo e en consecuencia a un aumento de P' pola vía do plusvalor relativo. A taxa de plusvalor pode tamén incrementarse por un aumento na intensidade dos tempos de traballo.

No que se refire a composición orgánica, esta pode baixar debido a un abaratamento do capital constante a través de diversos medios. O primeiro e máis importante sería un abaratamento vía incremento da produtividade, pois os procesos de competencia afectan por igual ás ramas produtoras de medios de produción que as ramas produtoras de bens de consumo.

O comercio exterior, a través do cal poden adquirirse tanto bens de consumo como maquinaria máis barata afecta por igual á composición orgánica e a taxa do plusvalor, xa que abaratan o gasto tanto en capital variábel como en capital constante. Outro factor que tería gran importancia nos nosos días sería o relacionado


fenómeno da deslocalización, pois ao exportarse industrias enteiras cunha mesma capacidade técnica e produtividade a países cun nivel salarial moito menor a taxa de ganancia elévase considerablemente.

Algúns autores marxistas afirman que todos estes factores, a pesar de por certo freo na caída da TG, non son suficientes para eliminar esta tendencia no longo prazo, razón pola cal fálase precisamente dunha “tendencia”. Non obstante, outros autores afirman que as chamadas tendencias contrarrestantes, sobre todo a referida ao aumento da explotación que non parece ter límites definidos, poden ser suficientes para eliminar o efecto depresivo do aumento da composición orgánica ou polo menos para diminuíla severamente, polo que habería que acudir a explicacións complementarias.

Dito isto, se ben poden resultar discutibles as razóns que deu Marx para explicar a caída da taxa de ganancia, a idea de que esta tende a caer antes das

crises e que polo tanto xoga un papel chave na xestación das mesmas parece concordar bastante ben cos datos dos que dispoñemos. Se observamos por exemplo a seguinte gráfica sacada do artigo Tasa de ganancia y crisis en EEUU do blogue de Rolando Astarita podemos ver como nas corporacións financeiras e non financeiras, a taxa de ganancia tende a descender pouco antes tanto da recesión relativamente leve de 2001 como na de 2007. Esta caída na taxa de ganancia vai acompañada tamén dun descenso na masa de ganancia, como resulta lóxico, e fai que finalmente, ao cabo dun ano ou dous, a inversión decaia provocando a crise.

Incluso a crise financeira do 2007, que pareceu deberse unicamente a un descontrol especulativo dos mercados financeiros, garda unha profunda relación coa caída da taxa de ganancia, pois foi precisamente a raíz da recesión de 2001 que empezaron a aparecer numerosos capitais líquidos do sector produtivo provenientes tanto de Asia



como das industrias americanas que non se reinvertiron, alimentando ao sector financeiro e propiciando a expansión do crédito barato.

Neste punto, a teoría marxista da crise choca profundamente coas concepcións máis ao uso en numerosos ámbitos de esquerda, que argumentan que o problema debeuse a unha falta de controis estatais sobre os novos tipos de paquetes financeiros (CDS, CDO, swaps, etc) que propiciaron unha economía financeirizada e puramente especulativa. Pola contra, dende a óptica marxista, admitindo que existían especulación e diversos fraudes

e descontrois financeiros que poden agravar a caída, a expansión monstruosa das finanzas tiña raíces máis profundas en problemas de valorización do capital en última instancia irresolubles. Pretender combater as crises atacando a fenómenos de superficie é tan utópico como inútil, é pretender pórllle portas ao campo e ao mar.

Facer unha análise correcta das causas das crises económicas resulta fundamental para definir unha liña política correcta. Dicirlles ás traballadoras que o capitalismo pode evitar as súas crises cunha boa política governamental de control

engano que frea o avance cara unha conciencia revolucionaria. Á clase obreira debe dicírselle a verdade, por dolorosa que esta sexa. Un panorama similar atopamos ao contrastar as análises marxistas acerca da saída da crise coas análises reformistas, tarefa que faremos de inmediato no seguinte punto.

6 COMO SE SAE DUNHA CRISE ECONÓMICA?

Ao irromper en escena as crises económicas, os fluxos de diñeiro parálanse. Numerosas empresas comezan a retirar fondos dos bancos para pagar débedas e facerlle fronte á caída das vendas, polo que o sector financeiro pasa de ser receptor de diñeiro a emisor do mesmo. Ante a dificultade manifesta de numerosas empresas para pagar os seus créditos os bancos restrinxen a emisión de préstamos ao tempo que soben os tipos de interese dos mesmos, impedindo que moitos negocios poidan pedir prestado para novas inversións. Ante a situación de afogo os capitais menos competitivos caen pechando numerosas

pequenas e medianas empresas e aumentando o paro, que sumado á baixada salarial crea subconsumo afectando aínda máis as vendas e potenciando a depresión. Tamén moitos bancos vense con activos financeiros desvalorizados que chegado a un certo punto poden facelos implosionar como pasara no famoso caso do Lehman Brothers en 2008.

Mais toda esta situación caótica vai creando precisamente as condicións idóneas para recuperar a taxa de ganancia e re estimular a inversión. Por unha banda, ao quebrar numerosas empresas as que logran sobrevivir do ramo teñen unha competencia menor e polo tanto máis cota de mercado, ademais de poder adquirir os bens dos negocios pechados a prezo de ganga (abaratamento do capital constante), dándose así un proceso de concentración e centralización do capital. Por outro lado, temos que o aumento do paro ten un efecto depresivo sobre os soldos das traballadoras, e se ben isto fai

caer as vendas perxudicando a algún capitais moi seriamente, os que sobreviven aproveítanse de ter unha forza de traballo desvalorizada. Os capitalistas tamén tenden a incrementar os ritmos de traballo para recuperar perdas, o que en conxunto co anterior redunda nun incremento da explotación e da taxa do plusvalor.

Vemos entón que para Marx as crises, ademais de ser inevitables, son mecanismos mediante os cales o capitalismo se purga por así dicilo, concentrándose o capital e aumentando a explotación, o paro e a miseria xeralizada de forma natural e necesaria para a súa supervivencia. Dentro do sistema non houbo, hai, nin haberá unha saída favorable aos intereses das asalariadas, só unha espantosa baixada no nivel de vida. Moi distinta, outra vez, é a resposta dada dende os sectores de esquerda situados maior ou menormente no campo da socialdemocracia keynesiana.

Como vimos, para eles a xénese da crise non se atopa nun problema de caída da

rendabilidade senón máis ben na especulación financeira e a falta de demanda. Dado que un dos problemas económicos é a falta de demanda a chave está en facer políticas que estimulen á mesma, mediante o gasto público financiado por déficit e mediante subas salariais acompañadas tamén de melloras nas pensións, boas prestacións por desemprego, etc. É dicir que non só existe unha saída favorábel ás traballadoras, senón que incluso dita saída parece ser a única posible dado que calquera ataque á clase obreira reduciría o seu poder adquisitivo retardando a fin da recesión. Trátase sen dúbidas dunha visión moito máis harmoniosa e esperanzadora, na que ademais tanto o capital, que volve recuperar boas ganancias, como a clase traballadora, que mantén ou incluso aumenta o seu poder adquisitivo, saen gañando e desaparecendo a loita de clases como un vestixio dun pasado escuro. Mais aquí non se trata de ver que teoría é máis alegre, senón de comprobar dunha forma

científica cal das dúas explica mellor a realidade do sistema capitalista.

Se actuamos así, veremos que a teoría marxista gaña rotundamente nesta proba. Non hai unha soa crise en toda a historia deste sistema na que as traballadoras saíran fortalecidas. Se poñemos a nosa atención na primeira gran recesión capitalista, a de 1873, observaremos que os salarios caeron un 10% respecto ao período anterior á crise. Na saída da Gran Depresión dos EE.UU en 1933, que moitos poñen como paradigma da bondade do keynesianismo aplicado no New Deal, o paro situábase nun 25% e os salarios baixaran un terzo respecto aos niveis da época de anterior expansión. Hai que ter en conta ademais neste caso que as políticas de estímulo por parte do Estado aplicáronse canda a economía xa levaba unhos meses de recuperación. Mirando outras crises “menores” por así dicilo atopámonos con datos e evolucións similares, como na crise de 1847, da que a economía europea empezou a

recuperarse en 1849 baixo unha base dun 60% de paro en París e unha caída de salarios do 57% respecto ao 1800 en Gran Bretaña*.

Unha vez máis esta análise pasa da mera elaboración teórica influíndo directamente sobre a estratexia e o discurso político que se debe adoptar. Unha organización revolucionaria non debe dobregarse ante as medidas de axuste que adopta o capital para saír da recesión, porque a función de dita organización non é sacar da crise a este sistema senón defender os intereses colectivos da clase traballadora. Debe por tanto facer todos os esforzos posibles por organizar ás máis amplas masas de traballadoras para loitar contra o paro, a precarización laboral e os diversos axustes presupostarios. Pero tamén é labor dun partido marxista elevar o nivel de conciencia das masas, non enganalas con falsas promesas sobre un capitalismo próspero no que non hai recesións e se as hai os pratos rotos os pagan a banca e os especuladores.

* Datos sacados de <http://rolandoastarita.wordpress.com/2011/05/04/salidas-de-las-crisis-y-otra-critica-desatinada/>

7 BREVE EPÍLOGO

O que aquí se presenta é un traballo sumamente sintético e resumido de introdución a algúns conceptos de economía política marxista, polo que para un entendemento máis completo da mesma requiriríase facer lecturas complementarias. Nada se falou aquí sobre a orixe do diñeiro como forma de equivalente xeral, non se tocou ningún tema referente a circulación do capital comprendida no II tomo de O capital de Marx, nin se explicou tampouco as diversas partes nas que o capital se divide ademais do propio capital produtivo (capital que rende interese, capital comercial, etc.)

Foi tamén propósito deste escrito mostrar ao lector como se entrelaza a teoría coa práctica e o noso discurso político. Sen unha comprensión cabal do que é o valor, do plusvalor, ou do papel da competencia no capitalismo sería imposible comprender a teoría das crises que como se viu ten unha enorme importancia á hora de construír unha ou outra liña estratéxica.



isca!

[le/copia/distribue/difunde!]